

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

5398 *Real decreto 338/2014, do 9 de maio, polo que se modifica o Real decreto 1911/2000, do 24 de novembro, polo que se regula a destrución dos materiais especificados de risco en relación coas encefalopatías esponxiformes transmisibles.*

O Regulamento (CE) n.º 999/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de maio de 2001, polo que se establecen disposicións para a prevención, o control e a erradicación de determinadas encefalopatías esponxiformes, no seu anexo V estableceu en que lugares se poden extraer os materiais especificados de risco e facultou os Estados membros para permitiren que certos materiais se extraesen en lugares alternativos.

Mediante o Real decreto 100/2003, do 24 de xaneiro, polo que se modifica o Real decreto 1911/2000, do 24 de novembro, polo que se regula a destrución dos materiais especificados de risco en relación coas encefalopatías esponxiformes transmisibles, autorizáronse dúas das tres excepcións recollidas na normativa comunitaria: a extracción de medula espinal de ovinos e caprinos en salas de despezamento expresamente autorizadas e a extracción da columna vertebral de canais ou partes de canais de bovino en carnizarías expresamente autorizadas, supervisadas e rexistradas para tal efecto.

Este real decreto introduce a posibilidade, non prevista anteriormente na lexislación nacional, de recoller a carne da cabeza de bovinos en salas de despezamento expresamente autorizadas, de conformidade co establecido na normativa comunitaria.

Por outra parte, a listaxe dos tecidos e dos órganos que se consideran materiais especificados de risco, recollida no anexo IV do Real decreto 1911/2000, do 24 de novembro, modificouse en numerosas ocasións para a súa adaptación á normativa comunitaria. Por isto, ante eventuais novas modificacións na definición comunitaria de material especificado de risco (MER), e para evitar as discrepancias que se producen mentres se realizan as adaptacións correspondentes na normativa nacional, considérase conveniente a supresión do anexo IV, e efectuar unha referencia á lista de MER que se estableza na normativa comunitaria.

Actualmente, o Regulamento (CE) n.º 999/2001, no seu anexo V, establece a lista de materiais especificados de risco en función da categoría de risco de cada país, de acordo coa Decisión da Comisión 2007/453/CE, do 29 de xuño, pola que se establece a situación dos Estados membros, de terceiros países ou de rexións deles con respecto á EEB en función do risco de EEB que presentan.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas, así como os sectores afectados, tendo emitido o seu preceptivo informe a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, e de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de maio de 2014,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1911/2000, do 24 de novembro.*

O Real decreto 1911/2000, do 24 de novembro, polo que se regula a destrución dos materiais especificados de risco en relación coas encefalopatías esponxiformes transmisibles, queda modificado como segue:

Un. O número 2 do artigo 1 queda redactado do seguinte modo:

«2. Para os efectos deste real decreto, enténdense por material especificado de risco os tecidos que se establecen no anexo V do Regulamento (CE) n.º 999/2001, do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de maio de 2001, polo que se establecen disposicións para a prevención, o control e a erradicación de determinadas encefalopatías esponxiformes.»

Dous. O parágrafo segundo do número 1 do artigo 4 queda redactado do seguinte modo:

«Non obstante, permitirase:

a) A extracción da medula espinal de ovinos e caprinos en salas de despezamento expresamente autorizadas para tal efecto pola autoridade competente, sempre que contén cun protocolo de actuación concreta que garanta a seguridade das ditas operacións e a súa completa retirada para a súa correcta destrución.

b) A extracción da columna vertebral das canais ou partes das canais de bovino en puntos de venda ao consumidor expresamente autorizadas, supervisadas e rexistradas para tal efecto pola autoridade competente. A extracción realizarase segundo o establecido na Orde do 26 de xullo de 2001 antes citada.

c) A recollida de carne da cabeza de bovinos en salas de despezamento expresamente autorizadas para tal efecto pola autoridade competente, de conformidade coas disposicións establecidas no anexo V do Regulamento (CE) n.º 999/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de maio de 2001, polo que se establecen disposicións para a prevención, o control e a erradicación de determinadas encefalopatías esponxiformes.»

Tres. Queda suprimido o anexo IV.

Catro. A disposición derradeira primeira queda redactada do seguinte modo:

«Autorízanse os ministros de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, e de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade para ditaren, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación do presente real decreto.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de maio de 2014.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN